



## Concello de Cuntis

---

### V CONCURSO XOGO DE ROL 2017

#### BASES

As presentes bases teñen por obxecto regular a participación no V Concurso Xogo de Rol, que terá lugar o día 17 de maio de 2017 no Concello de Cuntis. Consiste nunha xincana con diferentes tipos de probas, as cales estarán relacionadas coa cultura e o patrimonio deste municipio.

1. Tipos de probas:
  - Probas de habilidades e de conseguir diferentes cousas
  - Probas de fotografías en lugares estratéxicos
  - Probas de preguntas:
    - Unhas con opcións a elixir
    - E outras de resposta directa (sen opcións)
2. Todos os equipos teñen o mesmo percorrido, pero cada un poderá decidir a orde na que resolve a xincana.
3. Cada equipo terá un representante maior de idade a efectos de relación coa administración, o cal se especificará no apartado correspondente da solicitude de inscrición. Así mesmo, considéranse integrantes do grupo as persoas que aparezan na relación de compoñentes, en dita solicitude, con nomes e apelidos.
4. A maioría das probas e preguntas valen 1 punto, agás algunhas que son mais complicadas que computarán mais puntos. Isto aparece especificado na explicación de cada parte do xogo que se lle dará por escrito antes do comezo da proba.
5. Será gañador o equipo que teña maior número de puntos.
6. Ao remate de todo o xogo haberá unha proba final, que non puntuará pero será obrigatoria para todos os equipos namentras se procede ao recuento de puntos. A non participación na mesma dun equipo implicará a descalificación do xogo.
7. DINÁMICA DA XINCANA:
  - Na Biblioteca Municipal ás 16:00 horas explicárase o desenvolvemento exacto do xogo, e será aquí a onde teñen que voltar todos os equipos á hora do remate, que se indicará na mesma reunión.
  - O equipos levarán dende o principio todo o preciso para resolver a xincana, e saberán de antemán onde se ubicarán as monitoras e monitores para o control da mesma, sobre todo ao remate do tempo da xincana.
  - Os equipos deberán estar formados por un número non menor de 6 participantes e non maior de 10.
8. Normas para formación de equipos:
  - Se houbera algún equipo nos que todos ou algún dos membros foran menores de 14 anos, deberá haber un responsable maior de idade xogando con eles.



## Concello de Cuntis

- No caso de que houbera un equipo con membros de entre os 14 e 17 anos, deberá haber un representante legal anotado con eles no equipo, aínda que neste caso non sería preciso que participara no xogo.
  - Os menores de 7 anos poden participar sempre que se forme un equipo familiar.
9. O EQUIPO GANADOR TERÁ QUE CUMPRIR AS SEGUINTE CONDICIÓNS:
- Facer o maior número de probas correctamente.
  - Cumprir as normas.
  - Por cada norma incumprida haberá cinco puntos de penalización, que se lle descontarán do cómputo final.
  - O equipo debe permanecer unido en todo momento.
  - Cumprir as normas de seguridade vial.
  - Será gañador o equipo que teña o número maior de respostas correctas acertadas. En caso de empate deberán resolver un cuestionario extra, con preguntas feitas de unha e unha. Gañará o equipo que acerte e o outro falle (dentro da mesma ronda)
  - Haberá un único premio de 300€ e un accésit de lote de libros doado pola Deputación de Pontevedra.  
Pola súa contía, este premio non está suxeito ás oportunas retencións do IRPF.

### 10. INSCRICIÓN

Desde a publicación destas bases e ata o día 16 de maio na O.M.I.X., teléfono 986 533 600 ou no correo electrónico [omix@cuntis.es](mailto:omix@cuntis.es) . O día 17 de maio tamén se poderán inscribir na Biblioteca Municipal ata a hora de comezo, as 16:00 horas.

11. ADXUDICACIÓN DO PREMIO: O director ou directora de Tempo Libre que se encargue de coordinar o equipo de monitoras e monitores que traballarán para o bo desenvolvemento do Concurso, emitirá un informe cos resultados obtidos e a puntuación acadada por cada equipo, sendo gañador o que máis puntuación acade.

### 11. PUBLICIDADE

Estas Bases publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, así como no facebook da OMIX de Cuntis: [www.facebook.com/omixc](http://www.facebook.com/omixc) ; en cartelería que se repartirá por todo o municipio e no Boletín Oficial da Provincia.

### SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

#### XOGO DE ROL

“I Romaxe das Artes e as Letras” 2017

INSCRICIÓN N<sup>o</sup>: .....

NOME DO EQUIPO: .....

REPRESENTANTE: D/D<sup>a</sup> ..... D.N.I: .....

TELÉFONO/S: ..... / .....

CORREO-E: .....

RÚA/LUGAR: .....N<sup>o</sup>:.....PISO:..... C.P: .....

PARROQUIA:.....LOCALIDADE:.....



## Concello de Cuntis

---

Nº COMPOÑENTES: .....

NOME E APELIDOS:

IDADE:

.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....

Coñezo e, como representante deste equipo, estou conforme coas Bases deste Xogo, Cuntis, ..... de ..... de 2017

Asdo.

**SR. CONCELEIRO DELEGADO DE CULTURA, TURISMO, COMERCIO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, EDUCACIÓN E XUVENTUDE**